

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A CONFRARÍA DE PESCADORES VIRGEN DEL CARMEN DE ARCADE PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE RESTAURACIÓN DE HÁBITATS E ZONAS DE PRODUCCIÓN MARISQUEIRA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou ca Confraría de Pescadores Virgen del Carmen de Arcade o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Confraría de Pescadores Virgen del Carmen de Arcade para elaborar un plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.

Os obxectivos específicos a acadar con dita proposta son os seguintes:

#### 1.Programación de traballos de conservación, mantemento ou mellora

1.1. Acondicionamento e/ou emenda do substrato: Esta actividade, na que non haberá aporte de materiais, será realizada polas propias persoas mariscadoras mediante sacho ou rastrelo. Para avaliar os resultados da realización desta actividade se realizarán granulometrías que permitirán analizar a evolución da presenza de finos no sedimento. Así mesmo a mostraxe realizada en outono de 2026 se aproveitará para avaliar a intensidade do recrutamento. Tamén haberá acondicionamento mediante rastro tirado por embarcación.

1.2. Control de depredadores/competidores: A retirada destes depredadores terá lugar na propia acción de pesca das persoas naseiras asociadas á Confraría. Posteriormente realizarase unha avaliación poboacional destes exemplares: sexos, estrutura de tamaños...Tralo control os cangrexos serán introducidos en contedores que serán recollidos semanalmente.

1.3. Retirada de restos orgánicos e inorgánicos: Durante as xornadas de marea nas que non sexa posible acceder ao intermareal dos bancos principais debido a que non se acadan as cotas mínimas que permiten traballar nos mesmos procederase á retirada de restos orgánicos e



inorgánicos das zonas dos bancos marisqueiros ás que se pode acceder sen necesidade de cruzar o cauce do río.

1.4. Rareos e traslados: Tendo en conta os datos de mostraxes de anos anteriores do berberecho que indican que no mes de setembro se detecta o recrutamento anual, ese mes se realizará unha xornada de captura para estabular estes xuvenís en cestos similares aos de engorde de ostra.

No caso da ameixa as persoas mariscadoras realizarán as tarefas propias da actividade extractiva ao longo dos bancos. Estes exemplares se estabularán en tubos e cestos e se é necesario procederíase á creación de parques no substrato.

1.5. Tareas en sistemas de preengorde en zonas acotadas: As tarefas consisten no mantemento dos adultos recolectados na propia zona en sistemas de preengorde en zonas acotadas en condicións que favorezan a súa supervivencia. Unha vez ao mes, as persoas mariscadoras realizarán tarefas de limpeza para retirar algas e exemplares mortos.

## 2. Accións de control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros.

2.1. Vixilancia: As mariscadoras realizarán labores de vixilancia en tres zonas do ámbito do Plan de Xestión dende a que poden controlar os principais bancos marisqueiros. Dependendo do mes e da hora do día, se colocarán as mariscadoras que mediante prismáticos poderán comprobar a presenza de furtivos nos bancos.

2.2. Participación nas mostraxes e seguimento: Realizaranse mostraxes máis intensos e que abarquen a maior parte posible do intermareal. O método de realización das mostraxes será realizado con calicata ou con angazo. Ao participar un número máis elevado de persoas a cantidade de puntos de recollida de mostra será superior e se abarcará unha superficie moito maior dos bancos.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

– O Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), establece o seguinte obxectivo para o período 2021-2027: “Manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños”. Por outra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a “fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos”, desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e ambientalmente sustentables, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

No artigo 14 do devandito Regulamento (UE) 2021/1139 establécese que o apoio no marco desa prioridade 1 abarcará intervencións que contribúan á consecución dos obxectivos da PPC establecidos no artigo 2 do Regulamento (UE) 1380/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, por medio de determinados obxectivos específicos, entre os que se atopa o de contribuír á protección e á recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

– Os proxectos aprobados financiaranse nun 70% con cargo ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

– O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 22 de xuño do 2026, autorizou a tramitación do convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Confraría de Pescadores Virgen del Carmen de Arcade para o desenvolvemento do Plan de recuperación dos bancos marisqueiros, vinculado unicamente ao episodio de baixada da salinidade do ano 2026.

– O convenio asinouse o día 26 de xuño do 2026.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70% – Programa para España FEMPA 21-27 CCI 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – O.E. 1.6 – T.A. 1.6.1 – T.I. 6]  
OIX: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

